

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA  
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “PRODER II -  
COMARCA DE PONTEVEDRA “  
CELEBRADA O 18 DE DECEMBRO DE 2003.**

No seminario nº.2 do Pazo da Cultura de Pontevedra e baixo a presenza do Sr. Presidente D. Miguel Fernández Lores, reuniuse en primeira convocatoria, o 18 de decembro do ano 2003, a XUNTA DIRECTIVA, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria e coa asistencia dos señores representantes que de seguido se indican:

1. MESA SECTORIAL DE TURISMO: GUILLERMO MARTÍNEZ PINTOS (“OS AREEIROS” VILABOA).
2. MESA SECTORIAL VITIVINÍCOLA: XOSÉ MANUEL BOULLOSA IGLESIAS (ASOC. VITICULTORES DE VILABOA).
3. MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS: M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN NÚÑEZ PINTOS(AAVV OS TRES PINOS DE XEVE).
4. MESA SECTORIAL DE MULLERES: ROSA VARELA MAGARIÑOS .  
( ASOC. MULLERES RURAIS DE BARRO).
5. MESA SECTORIAL FORESTAL: AGUSTÍN DE LA MATA MARTÍNEZ (ESCOLA DE CAPATACES DE LOURIZÁN).
6. MESA SECTORIAL AGROGANDEIRA: AGUSTÍN MALVAR AMOEDO  
( COOPERATIVA SERRA DO SUÍDO) .
7. MESA SECTORIAL DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS: MIGUEL CUIÑA PEREZ,  
POR IMPOSIBILIDAD DE ASISTENCIA DE JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ  
(AEMPE).
8. CONCELLO DE POIO: LUCIANO SOBRAL FERNÁNDEZ.
9. CONCELLO DE PONTEVEDRA: MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES.
10. CONCELLO DE PONTE CALDELAS: PERFECTO RODRÍGUEZ MUIÑOS.
11. CONCELLO DE VILABOA: JOSÉ LUÍS POCEIRO MARTÍNEZ.
12. ;CONCELLO DE BARRO: JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN.

Non asisten:

1. MESA SECTORIAL DE COMERCIO E ARTESANÍA: FELISA VILLA VIDAL (FELICASTOR - POIO).

2. MESA SECTORIAL DE COMUNIDADES DE MONTES: CLAUDIO QUINTILLÁN VALLEJO (POIO).
3. MESA SECTORIAL DE ECONOMÍA SOCIAL E TERCEIRO SECTOR: JOAQUÍN PESQUEIRA MARTÍN (ASOCIACIÓN AMIZADE).
4. CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA: MANUEL SOAGE LOIRA.
5. CAIXA DE AFORROS DE GALICIA: RAFAEL JOSÉ SOLLA VIDAL.
6. UNIVERSIDADE DE VIGO: XAVIER MARTÍNEZ COBAS.

Polo que o quórum de asistencia da sesión é de 12 persoas das 18 que compoñen a Xunta Directiva.

Están tamén presentes na sesión en funcións de asesoramento, a Xerente , o Coordinador, e máila RAF do Grupo.

Ábrese a sesión polo Sr. Presidente as 20,00 horas, quen expresa que enviouse a documentación coa antelación suficiente para o seu estudo e tratamento nesta Xunta.

De seguido entrouse no seguinte **Orde do día**:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR ( ANEXO 1 )**

Logo de corrixir un erro detectado no borrador da acta da sesión anterior celebrada o 13 de novembro de 2003, no apartado de asistencias, onde di:

“3. MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS: M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN NÚÑEZ PINTOS(AAVV OS TRES PINOS DE XEVE). “

Debe decir:

“3. MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS: LUCIA SANMARTIN CRESPO POR DELEGACIÓN DE M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN NÚÑEZ PINTOS(AAVV OS TRES PINOS DE XEVE).”

Efectuada esta corrección, por unanimidade préstase aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, celebrada o 13 de novembro de 2003.

### **2.- ALTAS E BAIAS DE SOCIOS (ANEXO 2)**

Por unanimidade, acórdase a baixa como socio da ADR da **Asociación de veciños “Tomeza”**, por disolución do colectivo veciñal, segundo comunicou o que foi o seu secretario D. Vicente Villaverde Fernández mediante escrito de 5 de novembro último.

### **3.- INFORME SOBRE O PROGRAMA DE COOPERACIÓN COA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS. APROBACIÓN DAS BASES DE CONTRATACIÓN E CREACIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN. ( ANEXO 3 )**

Dáse conta das resolucións da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, polas que **se conceden á Asociación sendas subvencións** de acordo coas solicitudes efectuadas, por unha banda, **para a contratación de 3 técnicos beneficiarios do programa Labora para levar a cabo o inventario de recursos da Comarca e, por outra banda, para a contratación dun técnico local de emprego.**

O procedemento de selección e contratación farase de conformidade co establecido nas Ordes que regulan as axudas. A selección dos Labora rexeráse por unhas bases que se someten a aprobación desta Xunta Directiva.

Logo de deliberar sobre o contido das bases propostas e de efectuar diversas correccións, son aprobadas por unanimidade as seguintes BASES:

#### **BASES QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS BENEFICIARIOS DO PROGRAMA LABORA EN COLABORACIÓN COA A. D. R. PRODER II – COMARCA DE PONTEVEDRA**

##### **Primeira.- Obxecto.**

Estas bases teñen como finalidade, regula-lo proceso selectivo para a contratación laboral temporal mediante contrato de inserción de tres traballadores beneficiario do programa Labora: Xuventude con experiencia por un período de doce meses a xornada completa, ao abeiro do disposto na *Orde do 3 de febreiro de 2003 da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola que se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro para o exercicio do ano 2003 e se procede á súa convocatoria (D.O.G. N<sup>o</sup> 33 do 17 de febreiro de 2003).*

##### **Segunda.- Prazas que se convocan.**

As prazas que se convocan son:

- *Enxeñeiro agrónomo, enxeñeiro técnico agrícola ou enxeñeiro técnico en industrias agrarias e alimentarias*
- *Licenciado en técnicas de empresas e actividades turísticas*
- *Licenciado en economía, L.A.D.E. ou Ciencias Económicas ou Empresariais.*

##### **Terceira.- Retribucións.**

A retribución bruta mensual a percibir por cada traballador será a equivalente á base mínima do grupo de cotización ó que corresponda a

categoría profesional desempeñada polos traballadores contratados (grupo cotización 1, enxeñeiros e licenciados: 784,2 €/mes; grupo de cotización 2, enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados 650,7 €/mes).

Ademais poderán ser beneficiarios do incentivo á mobilidade xeográfica, nos casos nos que proceda segundo o disposto no artigo 7.3 do Decreto 148/2002, do 18 de abril.

#### **Cuarta.- Condicións dos aspirantes.**

1. Para ser admitidos á realización da selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser español ou cidadán de calquera dos Estados membros da Comunidade Europea
- Ter cumpridos 18 anos de idade
- Estar en posesión do título de licenciado, diplomado ou equivalente especificado en cada oferta de emprego
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto para o que se contrate.
- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente

Farase constar e valorarase:

- Carné de conducir
- Disponibilidade de vehículo propio.

2. Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservarlos alomenos ata a data da súa contratación.

#### **Quinta.- Solicitudes.**

Os candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego, interesados en participar no proceso selectivo serán convocados mediante chamada telefónica. Os candidatos convocados deberán presentar instancia dirixida ó Sr. Presidente da A. D. R. PRODER II - COMARCA DE PONTEVERA no Rexistro da A. D. R. ou no Rexistro Xeral dos Concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra ou Vilaboa, antes do 29 de decembro de 2003. Xunto coa instancia achegarán fotocopia do D. N. I. e xustificación dos méritos alegados mediante copia simple dos certificados ou diplomas de asistencia. No momento da presentación comunicaráselles a hora da entrevista que se manterá durante a mañá do día 29 de decembro.

### **Sexta.- Sistemas de selección.**

A selección realizarase por unha Comisión que se reunirá nos cinco días naturais seguintes ó da finalización do prazo de presentación de solicitudes para a baremación dos méritos aportados e xustificadas polos aspirantes. Á celebración da entrevista serán convocados os aspirantes mediante anuncio enxertado no Taboleiro de Anuncios dos Concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa, no que se indicará o día e lugar de celebración.

### **Sétima.- Criterios de valoración.**

1. Fase de concurso de méritos. Puntuación máxima 25 puntos.

1.1. Por asistencia a cursos de formación específica impartidos ou validados por entidades públicas relacionados coas funcións do posto de traballo:

- Cursos de menos de 25 horas: 0,6 puntos por curso.
- Curso de duración igual ou superior ás 25 horas e menos de 50 horas: 1,2 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 75 horas: 1,8 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior ás 75 horas e menos de 100 horas: 2,4 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior ás 100 horas: 3 puntos por curso.

As puntuacións asignadas incrementaranse un 100 % cando se acredite a superación do curso ou a asistencia con aproveitamento.

1.2. Carne de conducir e dispoñibilidade de vehículo propio: 10 puntos

1.3. Pola superación ou validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento do idioma galego:

- Curso de iniciación: 1 punto
- Curso de perfeccionamento: 1 punto.

2. Fase de entrevista. Puntuación máxima 10 puntos.

A comisión de valoración manterá unha entrevista cos aspirantes, coa duración que estime pertinente, avaliando o nivel de coñecementos e a adecuación do aspirante ó posto de traballo convocado.

### **Oitava.- Composición da comisión de valoración.**

O tribunal que valorará os méritos alegados polos aspirantes de acordo co baremo que figura nas presentes bases, será designado pola Xunta Directiva da A. D.R. PRODOR II – COMARCA DE PONTEVEDRA (Xerente, R.A.F. e técnico economista).

### **Novena.- Proposta de contratación.**

A comisión de valoración no seu caso, propondrá á Presidencia a contratación dos aspirantes que superando as dúas fases do proceso selectivo obtiveran maior

cualificación total, sen que, en ningún caso, poida aprobar un número superior de aspirantes ós dos postos de traballo convocados.

**Décima.- Achega de documentos.**

Os aspirantes propostos para a súa contratación laboral temporal deberán presentar no prazo de 3 días naturais contados dende a publicación da proposta de nomeamento no taboleiro de anuncios, a documentación acreditativa de cumpri-los requisitos esixidos na base cuarta desta convocatoria.

**Undécima.- Contrato laboral.**

A Presidencia, de conformidade coa proposta vinculante da Comisión de Valoración subscribirá antes do comezo da prestación do servizo, contrato laboral de inserción cos aspirantes propostos segundo dispón a lexislación laboral.

**Duodécima.- Réxime xurídico.**

A comisión de valoración queda facultada para adoptar as decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha dos procesos de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan plantexarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas Bases aplicarase supletoriamente a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, o Real Decreto 896/91 e o Estatuto dos traballadores.

A Xunta Directiva acorda que de conformidade co establecido na base oitava, o tribunal que valorará os méritos alegados polos aspirantes de acordo co baremo que figura nas presentes bases, estará composta pola Xerente, a R.A.F. e o Técnico economista da Asociación.

**4. INFORME DE ESTADO DE EXPEDIENTES DE SOLICITUDE DE AXUDA ( ANEXO 4 )**

Dáse conta do estado de tramitación dos 22 expedientes abertos ata o momento. A Xunta Directiva dáse por informada do estado dos expedientes.

Dáse conta tamén da falta de achega da documentación necesaria requirida por parte do promotor do expediente 755 005 “ CONSTRUCCIONES DURÁN MOLEDO “ e por parte do promotor do expediente 755.012 “ MANUFACTURAS VILABOIA “. A Xunta Directiva acorda que habida conta do tempo transcorrido se lle notifique a estes promotores o arquivo dos expedientes con expresión dos recursos que lles poidan asistir.

## **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES DE AXUDA AO ABEIRO DO PROGRAMA PRODER II:**

- ALBYMA ESCAYOLAS (ANEXO 5.1 )
- PAÑOL DE EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS do Club Náutico de Cobres. (ANEXO 5.2 )

A vista das memorias, informes técnico e económico , tras breve deliberación, a Xunta Directiva por unanimidade dos seus membros, adoptou os seguintes

### **ACORDOS:**

#### **EXPEDIENTE 755 004 ALBYMA ESCAYOLAS**

1.- Con data 10 de xuño de 2003, o promotor Albyma Escayolas S.L., presentou solicitude de axuda para o proxecto denominado “Creación dunha empresa de servizos: Escayolas Albyma” no marco do Programa Proder II – Comarca de Pontevedra.

2.- A Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II – Comarca de Pontevedra levantou acta de non inicio de investimento o día 26 de xuño de 2003.

3.- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) emitiu informe técnico favorable de subvencionabilidade o día 22 de outubro de 2003.

4.- A Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II – Comarca de Pontevedra emitiu informe técnico - económico o día 15 de decembro coa seguinte baremación do proxecto e proposta de porcentaxe de subvención. O proxecto acadou unha puntuación de 37 puntos segundo os criterios de baremación establecidos pola A. D. R. na convocatoria de axudas publicada no B. O. P. nº 47 do 10 de marzo de 2003 para as actividades productivas. A porcentaxe de axuda resultante é do 25,10 % con respecto ó orzamento aceptado.

5.- Vista a documentación que integra o expediente, **CONCÉDESE** a axuda solicitada en función dos criterios de valoración reflectidos no informe técnico económico e de acordo coas seguintes características:

- Orzamento do investimento: **19.398,58 €.**
- Finalidade para a que se aproba: **Creación dunha empresa para o proxectado de escaiola e xeso en obras de nova construción**
- Importe da subvención concedida por axentes financiadores:

FEOGA-O.....	3.116,19 €
Administración Central.....	876,43 €
AGADER.....	584,28 €
<u>Administración Local.....</u>	<u>292,14 €</u>

**Total Axuda..... 4.869,04 €**

E correspóndense coas seguintes partidas aprobadas:

Concepto	Tipo Medida	Unidades	Presentado	Aceptado
Máquina de Proxectar TP 60	Unidades	1,00	5.200,00	5.200,00
Equipo de Silo TP 100 Completo	Unidades	1,00	5.500,00	5.500,00
PC 266 AMD XP 2000 512 Mb	Unidades	1,00	617,72	617,72
Impresora HP DESKJET 3420 color	Unidades	1,00	50,86	50,86
Furgón de transporte interno	Unidades	1,00	8.030,00	8.030,00
I. V. E.	Euros	1,00	3.103,77	0,00
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>			<b>22.502,35</b>	<b>19.398,58</b>

### **CONDICIÓNS DA CONCESIÓN:**

**a.** A presente comunicación de concesión de axuda refírese ós compromisos contraídos e circunstancias sinaladas polo promotor. Calquera variación neles deberá comunicarse, a través da A. D. R., a AGADER.

**b.** O promotor debe cumprir as esixencias establecidas pola normativa sectorial da Xunta de Galicia para a tipoloxía do proxecto presentado.

**c.** O promotor ten que presenta-las licencias de inicio de actividade do Concello e a alta no I. A. E.

**d.** Os gastos subvencionables deben axustarse ó disposto nas normas reguladoras, en especial ó Regulamento 1145/2003 da Comisión do 27 de xuño de 2003 que modifica ó Regulamento 1685/2000 da Comisión, do 28 de xullo de 2000, no referente ó custo de amortización de locais, a subcontratación, a compra de equipos de segunda man, a compra de terreos, a compra de locais, ó IVE e outros impostos e ás contribucións en especie. Nos supostos de subrogación ou arrendamento de negocio, o beneficiario último debe reunir os requisitos de capacidade esixidos ós titulares de proxectos (pequena empresa, cooperativa, entidade pública...), de destino do investimento e características dos proxectos (carácter productivo ou non productivo).

**e.** O proxecto non pode acumular ningunha outra axuda pública cofinanciada con fondos comunitarios. No caso de que este proxecto acumule outra axuda pública compatible, a A. D. R. debe garantir que o límite de investimento público e a intensidade da axuda se axuste ás cantidades e porcentaxes que figuran nesta comunicación de concesión de axuda, tendo o promotor a obriga de comunicar calquera variación ó respecto.

**f.** Na solicitude de axuda indicase que o furgón de transporte adquirese de segunda man. Este elemento só será subvencionable no caso de que se dispoña da documentación que acredite o cumprimento do disposto na norma nº 4, compra de equipo de segunda man, do Regulamento (CE) nº 1685/2000 de 28 de xullo, modificado polo nº 1145/2003 de 27 de xuño, polo que establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1260/1999 no

relativo ó financiamento de gastos de operacións cofinanciadas polos Fondos Estructurais.

O promotor deberá asinar un compromiso no que se especifique que o furgón obxecto de subvención, vaise adicar exclusivamente a actividade da empresa.

O promotor ten a obriga de presentar taxación do furgón que se adquire de segunda man para comprobar que o seu valor se axusta ó do mercado.

**g.** O promotor ten a obriga de facer publicidade das axudas recibidas ó abeiro do Programa Proder II – Comarca de Pontevedra.

**h.** O prazo para a execución total do gasto non excederá de 18 meses dende a sinatura do contrato de axuda. O período máximo para o inicio da execución do gasto non excederá de 3 meses dende a sinatura do contrato de axuda.

**i.** Os pagamentos ó promotor faranse mediante transferencia bancaria á conta indicada polo mesmo.

**j.** O promotor estará sometido a tódalas actuacións de seguimento e control que efectúe a A. D. R., AGADER, a Comisión Europea e o MAPA, así como ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas, así como ás que poida efectuar tanto a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado e o Tribunal de Contas, como a Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas. O promotor ten a obriga de facilitar toda a información e documentación que lle sexa requirida polos organismos citados.

**6.-** O promotor ten un prazo máximo de 15 días dende a recepción da notificación desta resolución para a aceptación ou o rexeitamento expreso das condicións contidas nela. Se o rexeitamento consiste no desestimento do procedemento, archivarase o expediente. No caso de que a A. D. R. non reciba contestación no prazo indicado, ou o promotor non asine o contrato correspondente coa A. D. R. no prazo dun mes dende a aceptación expresa da subvención, entenderase que o promotor desiste da súa solicitude, e archivarase o expediente despois de dictar resolución expresa.

De conformidade co artigo 28.2 do R.D. 2/2002, do 11 de xaneiro, contra esta resolución o promotor pode interpoñer recurso ante AGADER. Dito recurso pode presentarse no prazo dun mes dende a recepción da notificación desta resolución, na oficina da A. D. R., directamente na sede de AGADER (Avda. do Camiño Francés nº10, baixo, 15771, Santiago de Compostela), ou en calquera das dependencias establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

O prazo para dictar resolución expresa do recurso e notificarlla ó recorrente será de 3 meses contados dende a data de entrada no rexistro de AGADER. O vencemento deste prazo sen dictar resolución expresa lexítima ó recorrente para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo e interpoñer recurso contencioso - administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo correspondente no prazo de 6 meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produciu o acto presunto.

## **EXPEDIENTE 757 006 PAÑOL DE EMBARCACIONES DEPORTIVAS-CLUB NAUTICO DE COBRES.**

1.- Con data 27 de xuño de 2003, o promotor Club Náutico Cobres, presentou solicitude de axuda para o proxecto denominado "Pañol de embarcacións deportivas" no marco do Programa Proder II – Comarca de Pontevedra.

2.- A Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II – Comarca de Pontevedra levantou acta de non inicio de investimento o día 09 de xullo de 2003.

3.- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) emitiu informe técnico favorable de subvencionabilidade o día 25 de novembro de 2003.

4.- A Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II – Comarca de Pontevedra emitiu informe técnico - económico o día 15 de decembro coa seguinte baremación do proxecto e proposta de porcentaxe de subvención. O proxecto acadou unha puntuación de 74 puntos segundo os criterios de baremación establecidos pola A. D. R. na convocatoria de axudas publicada no B. O. P. nº 47 do 10 de marzo de 2003 para as actividades non productivas. A porcentaxe de axuda resultante é do 82,20 % con respecto ó orzamento aceptado.

5.- Vista a documentación que integra o expediente, **CONCÉDESE** a axuda solicitada en función dos criterios de valoración reflectidos no informe técnico económico e de acordo coas seguintes características:

- Orzamento do investimento: **90.422,57 €.**
- Finalidade para a que se aproba.: **Construcción dun pañol de embarcacións deportivas.**
- Importe da subvención concedida por axentes financiadores:

FEOGA-O.....	47.569,50 €
Administración Central.....	12.635,65 €
AGADER.....	10.405,83 €
<u>Administración Local.....</u>	<u>3.716,37 €</u>

**Total Axuda..... 74.327,35 €**

E correspóndense coas seguintes partidas aprobadas:

Concepto	Tipo Medida	Unidades	Presentado	Aceptado
Cimentacións	Unidades		11.903,95	11.903,95
Saneamento	Unidades		1.372,55	1.372,55
Estructura	Unidades		9.059,48	9.059,48
Albanelería	Unidades	863,00	29.052,83	29.052,83
Revestimentos	Metros cadrados	392,00	8.830,96	8.830,96
Pinturas	Metros cadrados	197,00	561,55	561,55
Fontanería	Unidades		4.602,92	4.602,92
Electricidade	Unidades		6.906,76	6.906,76
Carpintería	Unidades		5.659,49	5.659,49
I. V. E.	Euros	1,00	12.472,08	12.472,08

ORZAMENTO TOTAL	90.422,57	90.422,57
-----------------	-----------	-----------

### CONDICIÓNS DA CONCESIÓN:

- a. A presente comunicación de concesión de axuda refírese ós compromisos contraídos e circunstancias sinaladas polo promotor. Calquera variación neles deberá comunicarse, a través da A. D. R., a AGADER.
- b. O promotor debe cumprir as esixencias establecidas pola normativa sectorial da Xunta de Galicia para a tipoloxía do proxecto presentado.
- c. O promotor ten que presenta-la licencia municipal de obra previamente á sinatura do contrato de axuda.
- d. Os gastos subvencionables deben axustarse ó disposto nas normas reguladoras, en especial ó Regulamento 1145/2003 da Comisión do 27 de xuño de 2003 que modifica ó Regulamento 1685/2000 da Comisión, do 28 de xullo de 2000, no referente ó custo de amortización de locais, a subcontratación, a compra de equipos de segunda man, a compra de terreos, a compra de locais, ó IVE e outros impostos e ás contribucións en especie. Nos supostos de subrogación ou arrendamento de negocio, o beneficiario último debe reunir os requisitos de capacidade esixidos ós titulares de proxectos (pequena empresa, cooperativa, entidade pública...), de destino do investimento e características dos proxectos (carácter productivo ou non productivo).
- e. O proxecto non pode acumular ningunha outra axuda pública cofinanciada con fondos comunitarios. No caso de que este proxecto acumule outra axuda pública compatible, a A. D. R. debe garantir que o límite de investimento público e a intensidade da axuda se axuste ás cantidades e porcentaxes que figuran nesta comunicación de concesión de axuda, tendo o promotor a obriga de comunicar calquera variación ó respecto.
- f. O estudo de viabilidade presentado polo promotor non constitúe un verdadeiro plan de xestión. Previamente a sinatura do contrato de axuda, o promotor debe aportar un plan de xestión no que se describa cal vai ser o uso e a finalidade das instalacións, durante os cinco anos seguintes ó último pagamento feito pola A. D. R., así como os ingresos, os horarios de funcionamento, quen ten dereito ó uso dos servizos, etc.

A vista da previsión económica contida no plan de xestión, a A. D. R. deberá calcular o beneficio bruto operativo (ingresos - gastos de mantemento) que xera o exercicio desta actividade. Para o suposto de que o beneficio bruto operativo da actividade, segundo as previsións contidas no plan de xestión, fose inferior ó beneficio que xeraría o capital investido ó tipo de interese legal do diñeiro (o tipo de interese legal do diñeiro aplicable será o que se publique, para cada ano, no Boletín Oficial do Estado), que rexe no ano no que o promotor solicita a subvención, a actividade cualificaríase como NON PRODUCTIVA. En caso contrario a actividade cualificaríase como PRODUCTIVA.

No contrato de axuda incluírase como cláusula particular o seguinte texto: "O promotor está obrigado ó cumprimento do establecido no plan de xestión que se

acompaña como anexo durante o período dos cinco anos posteriores á certificación final – liquidación do investimento. Calquera modificación que durante ese período afecte ó réxime de funcionamento e desenvolvemento da actividade ou ó réxime económico previsto no plan de xestión deberá comunicarse a AGADER, a través do GAL, para os efectos, de se-lo caso, da súa autorización. Así mesmo, o promotor está obrigado a facilitar ó GAL durante o primeiro trimestre de cada ano, os datos contables da actividade referidos ó ano natural anterior". Como consecuencia do anterior e á vista da información contable facilitada polo promotor, a A. D. R. certificará, para cada ano de actividade, se os resultados económicos avalan a cualificación da actividade como NON PRODUCTIVA.

**g.** O promotor ten a obriga de facer publicidade das axudas recibidas ó abeiro do Programa Proder II – Comarca de Pontevedra.

**h.** O prazo para a execución total do gasto non excederá de 18 meses dende a sinatura do contrato de axuda. O período máximo para o inicio da execución do gasto non excederá de 3 meses dende a sinatura do contrato de axuda.

**i.** Os pagamentos ó promotor faranse mediante transferencia bancaria á conta indicada polo mesmo.

**j.** O promotor estará sometido a tódalas actuacións de seguimento e control que efectúe a A. D. R., AGADER, a Comisión Europea e o MAPA, así como ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas, así como ás que poida efectuar tanto a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado e o Tribunal de Contas, como a Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas. O promotor ten a obriga de facilitar toda a información e documentación que lle sexa requirida polos organismos citados.

**6.-** O promotor ten un prazo máximo de 15 días dende a recepción da notificación desta resolución para a aceptación ou o rexeitamento expreso das condicións contidas nela. Se o rexeitamento consiste no desestamento do procedemento, archivarase o expediente. No caso de que a A. D. R. non reciba contestación no prazo indicado, ou o promotor non asine o contrato correspondente coa A. D. R. no prazo dun mes dende a aceptación expresa da subvención, entenderase que o promotor desiste da súa solicitude, e archivarase o expediente despois de dictar resolución expresa.

De conformidade co artigo 28.2 do R.D. 2/2002, do 11 de xaneiro, contra esta resolución o promotor pode interpoñer recurso ante AGADER. Dito recurso pode presentarse no prazo dun mes dende a recepción da notificación desta resolución, na oficina da A. D. R., directamente na sede de AGADER (Avda. do Camiño Francés nº10, baixo, 15771, Santiago de Compostela), ou en calquera das dependencias establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

O prazo para dictar resolución expresa do recurso e notificarlla ó recorrente será de 3 meses contados dende a data de entrada no rexistro de AGADER. O vencemento deste prazo sen dictar resolución expresa lexítima ó recorrente para entender desestimada a

súa solicitude por silencio administrativo e interpoñer recurso contencioso - administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo correspondente no prazo de 6 meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produciu o acto presunto.

## **6.- COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS**

**Non houbo.**

E non habendo máis asuntos dos que tratar, levántase a sesión sendo as 21,55 horas do día 18 de decembro, do que eu , como Secretario dou fe.

**O PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**